

## **O Goberno galego anuncia para 2016 a maior oferta de emprego dos últimos anos: máis de 2.100 prazas**

*Isto suporá duplicar a oferta de emprego aprobada no ano 2015 e permitirá reforzar os servizos públicos como a sanidade, a educación e os servizos sociais*

O Goberno galego anunciou esta semana que aprobará en 2016 unha oferta de emprego público con máis de 2.100 prazas, o que suporá duplicar a que foi aprobada no 2015.

Así, trátase da maior proposta de emprego dos últimos anos xa que dende 2009 non se ofertaba unha cantidade tan ampla de prazas públicas. Ademais, permitirá reforzar os servizos públicos como a sanidade, a educación e os servizos sociais.

Por outra banda, salientamos que aqueles partidos da oposición que pretenden vincular este anuncio con fins electorais de cara ás vindeiras eleccións autonómicas equivócase. Sen ir máis lonxe, este ano 2015 a oferta de prazas públicas foi de 1.163 postos en diversos eidos.

Son as contas expansivas as que permiten o importante incremento da plantilla de funcionarios na nosa comunidade autónoma, algo que antes non era posible debido á crise económica que o PP se atopou cando chegou ao poder e que, ao contrario do que fixeron os populares cando chegaron ao Goberno, outros grupos políticos non souberon xestionar.

En todo caso, lembramos tamén que Galicia foi a comunidade que mantivo máis estable o seu plantel de empregados durante a crise, fronte a outras

autonomías como Andalucía, que suprimiron 17.000 empregos públicos ao longo da crise.

Ademais, convén lembrar que en 2016 o Executivo galego procederá a completar a devolución do 50% restante da paga extra de 2012. Así mesmo, as retribucións de todos os empregados públicos medrarán nun 1%, o que supón o seu primeiro incremento dende o ano 2010.

## **Novo paso cara á modernización da educación pública galega: todos os centros de primaria e secundaria contarán con conexión a Internet de 100 megas en 2017**

*O obxectivo é mellorar o acceso para explorar as posibilidades do ensino dixital, de xeito que o 31% dos centros educativos contarán con redes ultrarrápidas a finais do 2016 e dun acceso a wifi por cada 60 alumnos no próximo curso académico*

O presidente do PPdeG, Alberto Núñez Feijóo, avanzou esta semana que o 100% dos centros públicos de primaria e secundaria de Galicia contarán cunha conexión a Internet de 100 megas a finais de 2017, dando así un novo paso cara á modernización da educación pública de Galicia.

Deste xeito, o obxectivo da Xunta é mellorar o acceso á rede en todos os centros educativos da comunidade, máis de 1.200, para que lles permita explorar as posibilidades do ensino dixital. Así, o 31% dos centros públicos galegos contarán xa con redes ultrarrápidas cando remate 2016 e dun acceso a wifi por cada 60 alumnos no próximo curso académico.

Esta medida é posible grazas a un convenio asinado entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Ministerio de Educación e a Entidade Pública Empresarial Red.es, que conta cun orzamento total de 19,1 millóns de euros.

Feijóo salientou que modernizar a educación pública estivo sempre entre as prioridades do seu goberno, que agora lle proporciona unha infraestrutura tecnolóxica de maior nivel. Así, estas novas redes permitirán que tanto alumnos, como profesores, como persoal administrativo poidan conectarse sen esperas nin

cortes, que poidan facelo de xeito simultáneo e que se poida traballar con varias aplicacións á vez. Nesa liña, o líder dos populares galegos salientou que a educación pode mellorar moito se se aplican as tecnoloxías que a sociedade foi adoptando nos últimos anos e que a educación debe adaptarse ás novas realidades.

Este acordo pretende continuar a senda aberta polo Goberno galego en 2010 co Proxecto Abalar, que se sustenta en catro eixos: na dixitalización das aulas coa distribución de 2.800 kits de aulas dixitais, co que se conseguiu que máis de 10.000 alumnos aprendan nun encerado dixital; na formación do profesorado nas Tecnoloxías da información e comunicación (TIC), da que xa se beneficiaron 23.000 docentes; no uso de recursos dixitais na aula, como os que se poden descargar do servidor eDixgal, que xa conta con 2.300 recursos educativos para todos os niveis de escolarización e que só no último ano rexistrou máis de 2,1 millóns de descargas; e na difusión e emprego das TIC como canle de comunicación entre as familias e os centros, sendo 10.000 as familias que seguen a actividade dos seus fillos a través de abalarMóbil.